

## **Asamblea de Proxecto Cárcere**

**Data:** 17 de Decembro de 2011

**Local:** Casa Casares Quiroga

**Hora de comenzo:** 11.30

**Asisten:** Tomi, Pepe, Patxi, Javi, Alberto, Marta, Sandra e Lydia.

**Acta:** Lydia

Lese a orde do día:

1. *Radio Cárcere*
2. *Boletín 15-M*
3. *Camisolas*
4. *Red Transibérica de espacios culturales independientes*
5. *Equipo Coordinador*
6. *Grupos de traballo*
7. *Varios*

### **1. Radio Cárcere**

Tomi comunica que Cuac está aberto a que se empece o programa cando a xente queira. Indica que canto máis se espere, menos horarios quedan libres, que por exemplo pola semana xa non queda ningunha hora libre máis tarde das seis (*creo*). O grupo de radio deberá elixir os contidos e os tempos. A formación que se dará ten duración dunha maña, e logo xa se podería empezar a “*radiar*”. Os compoñentes deste grupo non estaban presentes e polo tanto non se puido afondar no tema, pero bueno, o caso sería que este grupo se reunise, estruturase o contido, recibise a formación e se empezase a emitir.

### **2. Boletín 15-M**

Coméntase que temos saído no boletín do mes que elaboran o grupo do 15-M.

### **3. Camisolas**

Estamos todxs de acordo en vender as camisolas a través do blogue, e tamén en achegarse a bares tipo A Repichoca ou o Patachim, onde sabemos que se venden roupa e accesorios (chapas non sabemos se quedan) para preguntarlles se poderíamos levar as nosas camisolas. O precio que acordamos sería o de 5€, xa que o coste xa está amortizado, e con ese precio cremos que serán máis facil de vender. En zocaminhoca tamén é boa idea que estean. Habería que crear un google docs cunha táboa na que se anotara o stock que hai e cantas camisolas se levan e a qué sitios.

### **4. Red transibérica de espacios culturales independientes**

En cada grupo de traballo faluse do tema e todos están de acordo en adherirse.

### **5. Equipo coordinador**

Coméntanse os fallos na comunicación deste grupo e chégase á conclusión de que non é

preciso crear unha lista de correos para este grupo. Xa que solo son catro correos, deberase introducir en destinatario os tres correos dxs outrxs coordinadores. Como función principal asígnaselles a de dinamización do dossier, que pretendemos que estea listo para Febreiro, e a tramitación dunha entrevista co SIEP unha vez teñan mudado os presidentes da mesma.

## **6. Grupos de Traballo**

### Xestión

Presentan o borrador dos Estatutos quedando pendente para a próxima assemblea a súa aprobación.

Fálase dos puntos máis salientables como son:

- Ter uns obxectivos amplios para que nun futuro se poidan adherir todo tipo de persoas-colectivos e tamén á hora de solicitar posibles futuras subvencións.
- Ponderación do voto: unha persoa física ou xurídica = un voto . Se unha asociación quere participar máis, un maior número de representantes terán que involucrarse.
- Constituírno como asociación sociocultural
- Incluír o funcionamento xeral da assemblea nos estatutos
- Tasas de socios. Habería que falalo en maior profundidade, nos estatutos dise que as cuotas se establecerán na assemblea xeral.

Marta propón unha encuesta online para que cada quen se identifique cun obxectivo, co fin de darlle movemento aos estatutos e animar á súa lectura. Ademais de obter certos resultados que poderían resultar interesantes.

### Proxectos

Empezaron coa elaboración do dossier.

### Infraestructuras

Comentamos que o sábado pasado entramos ao cárcere para rematar as medicións e poder ter lista a planimetría do edificio. Encontramos aquilo un pouco máis abandonado, non tanto a nivel estrutural como sí a nivel limpeza . As portas están abertas. E ao edificio principal pódese acceder por un burato feito nun muro do primeiro piso. Vemos que hai xente vivindo alí. Témonos que reunir para completar entre todxs a info.

Tamén comezamos a repartirnos puntos do dossier para empezar a traballar nel.

### Comunicación

Apoiamos todx a acción de empapelar o cárcere con mensaxes pero o asunto está na data. Plantexamos que sería bo ter contactado coas asociacións da cidade con anterioridade a este acto, para que haxa maior participación. Outra opción sería esperar a que no SIEP nomeen aos novos presidentes (febreiro-marzo) e nada máis os nomeen, dende o cárcere facemos o noso acto de presenza reivindicando o uso do espazo. Este tema das datas consideramos que é unha tema a falar no grupo de comunicación e crear unha estratexia de acción.

En canto á comunicación coas asociacións propónse facer un chamamento mediante mail para unha xuntanza no centro cívico de Monte Alto e presentarles o Proxecto Cárcere en conxunto. E as que non poidan vir, pois achegarse ata elas.

Xurde aquí a necesidade de facer un power point para a presentación. Este power point empregaríase para esta e sucesivas presentacións. Fálase de que sexa sinxelo que que todxs poidamos presentalo nas asociacións nas que esteamos implicadxs ou que nos

queden preto do noso radio de vida. Creemos que a creación deste power point é máis urxente que o dossier e polo tanto deberíamos poñernos a facelo canto antes.  
(O que non quedou claro é quen, cando e donde)

Outro tema do que se falou foi do apoio dende a plataforma cárcere a outros movementos sociais ( 15-M, Robin Hood, Okupa Palavea, Plataforma de mobilidade...) nos asuntos comúns co proxecto cárcere. Xa que algúns de nós están colaborando neles, sería ao mellor interesante unha comunicación fluida e un facer ver que o proxecto cárcere apoia moitos deses intereses reivindicados por estas agrupacións. Este tema será tratado na seguinte reunión do grupo coordinador.

## **7. Varios**

Todos estamos de acordo en cambiar a data de celebración das assembleas, pasalas para o venres á tarde. Para que así non nos corte a fin de semana e poida vir máis xente.

Os foros xa están creados. Pódese acceder a eles a través de:

<http://proxectocarcere.saramaganta.info/foros/>

Quen queira, pode xa rexistrarse. Marta como administradora permitíranos a entrada. Hay un foro aberto, que pode ver a xente sen estar rexistrada. Nel creouse un tema: “ E ti que farías aquí?”. Despois nos privados, hai un por cada grupo de traballo.